



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

AOS XEFES DE SERVIZO E DEMAIS RESPONSABLES DE DEPARTAMENTOS.

Co obxecto de lograr a máxima eficacia e simplificación administrativa nesta Administración, no día de hoxe, a **Xunta de Portavoces do Concello acordou:**

1. O **acceso a expedientes e outra información** dependente dos departamentos municipais que sexa solicitada polos grupos municipais xestionarase directamente entre as e os concelleiros/as dos grupos e as persoas responsables de cada departamento.
2. **Mediante teléfono ou correo electrónico** tramitarase a solicitude e desde o departamento facilitarase o acceso ou remitirase a información que proceda.
3. A citada documentación **deberá facilitarse o antes posible e, en todo caso, dentro dos 5 días seguintes á solicitude.** No caso de que algunha documentación presente unha dificultade especial, deberá advertirse tal circunstancia así como a data previsible da súa entrega.

Para calquera dúbida ou aclaración contactar con alcaldía.

Santiago, 4 de abril de 2016



Asdo.: Martiño Noriega Sánchez
Alcalde